



## SEGUNDO DE CHOMÓN

---

TERUEL, 1871 - FRANCIA, 1929

Fillo dun médico afeccionado á fotografía, Segundo de Chomón trasladouse a París en 1895, meses antes da presentación oficial do cinematógrafo Lumière. A súa muller era actriz e traballaba no taller de coloreado a man de películas de Georges Méliès, lugar no que se iniciou Chomón para, pouco despois, fundar en Barcelona o seu propio taller de iluminación e rotulación ao servizo tanto de Méliès coma da grande produtora francesa Pathé Frères. O seu espírito innovador e as súas calidades como técnico destacaron pronto, e Chomón empezou a traballar como operador e realizador de reportaxes. En 1905 foi contratado por Pathé para realizar *films à trucs*, películas fantásticas que puidesen competir coas de Georges Méliès. Ao igual que o seu colega, realizou algúns filmes inspirados na literatura de Xulio Verne, tales como *Excursion dans la Lune* (1908) ou *Voyage au centre de la Terre* (1909). En 1912 ingresou na produtora turinesa Itala Film. Colaborou en películas míticas do cinema mudo como *Cabiria*, de Giovanni Pastrone (1914), ou *Napoleón*, de Abel Gance (1927).

---

TERUEL, 1871 - FRANCIA, 1929

Hijo de un médico aficionado a la fotografía, Segundo de Chomón se trasladó a París en 1895, meses antes de la presentación oficial del cinematógrafo Lumière. Su mujer era actriz y trabajaba en el taller de coloreado a mano de películas de Georges Méliès, lugar en el que se inició Chomón para, poco después, fundar en Barcelona su propio taller de iluminación y rotulación al servicio tanto de Méliès como de la gran productora francesa Pathé Frères. Su espíritu innovador y sus cualidades como técnico destacaron pronto, y Chomón empezó a trabajar como operador y realizador de reportajes. En 1905 fue contratado por Pathé para realizar *films à trucs*, películas fantásticas que pudieran competir con las de Georges Méliès. Al igual que su colega, realizó algunos filmes inspirados en la literatura de Julio Verne, tales como *Excursion dans la Lune* (1908) o *Voyage au centre de la Terre* (1909). En 1912 ingresó en la productora turinesa Itala Film. Colaboró en películas míticas del cine mudo como *Cabiria*, de Giovanni Pastrone (1914), o *Napoleón*, de Abel Gance (1927).





## ENRIQUE RAMBAL

---

UTIEL, VALENCIA, C. 1890 - VALENCIA, 1956

Actor, director, autor e empresario teatral, Enrique Rambal é unha das figuras máis importantes do teatro español da primeira metade do século XX. Afeccionado aos folletíns, especializouse no chamado «melodrama de grande espectáculo» e chegou a ter no seu repertorio máis de cincocentos títulos inspirados tanto en grandes clásicos como en novelas ou filmes de éxito. As montaxes da súa compañía destacaron dende moi pronto pola súa complexidade e pola utilización de decenas de intérpretes, mutacións constantes e abundantes trucos escenográficos tomados do cinema. Realizou increíbles adaptacións das novelas máis célebres de Verne, como *Vinte mil leguas de viaxe submarina* e *Miguel Strogoff ou o correo do zar*, en 1928, ou *A volta ao mundo en oitenta días*, en 1934. O público acudía en masa ás súas estreas tanto en España coma en Hispanoamérica; non obstante, Rambal foi vítima dunha paixón desproporcionada polo teatro que acabou relegándoo á ruína e o esquecemento. A súa biografía, chea de mulleres, débedas, viaxes e misterio, non deixou apenas trazas nos arquivos, pero o que se conserva dá conta do moito que fixo gozar aos seus espectadores.

---

UTIEL, VALENCIA, C. 1890 - VALENCIA, 1956

Actor, director, autor y empresario teatral, Enrique Rambal es una de las figuras más importantes del teatro español de la primera mitad del siglo XX. Aficionado a los folletines, se especializó en el llamado «melodrama de gran espectáculo» y llegó a tener en su repertorio más de quinientos títulos inspirados tanto en grandes clásicos como en novelas o películas de éxito. Los montajes de su compañía destacaron desde muy pronto por su complejidad y por la utilización de decenas de intérpretes, mutaciones constantes y abundantes trucos escenográficos tomados del cine. Realizó increíbles adaptaciones de las novelas más célebres de Verne, como *Veinte mil leguas de viaje submarino* y *Miguel Strogoff o el correo del zar*, en 1928, o *La vuelta al mundo en ochenta días*, en 1934. El público acudía en masa a sus estrenos tanto en España como en Hispanoamérica; sin embargo, Rambal fue víctima de una pasión desproporcionada por el teatro que acabó relegándolo a la ruina y el olvido. Su biografía, trufada de mujeres, deudas, viajes y misterio, no ha dejado apenas trazas en los archivos, pero lo que se conserva da cuenta de lo mucho que hizo disfrutar a sus espectadores.





## NELLIE BLY

---

COCHRAN'S MILLS, EUA., 1864 - NOVA YORK, EUA, 1922

Elizabeth Jane Cochrane converteuse en Nellie Bly cando, ofendida por un artigo sexista do *Pittsburgh Dispatch*, enviou unha protesta tan ben redactada que o director a contratou con ese pseudónimo, extraído dunha popular canción. Conservouno cando comezou a traballar en *The New York World*, de Joseph Pulitzer, para quen escribiu un artigo sobre as horrorosas condicións dun psiquiátrico para mulleres en Blackwell' s Island, no que ingresou como paciente. Foi a primeira das súas reportaxes como infiltrada, xénero do que foi pioneira. Xa era célebre cando, en 1889, *The World* a enviou a dar a volta ao mundo co reto de mellorar a marca de Phileas Fogg: non só a rebaixou a setenta e dous días, senón que incluíu unha visita aos Verne en Amiens. O seu regreso foi apoteósico, aínda que pronto caeu no esquecemento. En 1895 contraeu matrimonio co millonario Robert Seaman. Á morte deste, pasou a xestionar as súas empresas, pero levounas rapidamente á bancarrota. Acuciada pola necesidade, volveu ao xornalismo e coñeceu unha segunda época dourada, durante a cal cubriu a Primeira Guerra Mundial e loitou polos dereitos das mulleres.

---

COCHRAN'S MILLS, EE. UU., 1864 - NUEVA YORK, EE. UU., 1922

Elizabeth Jane Cochrane se convirteu en Nellie Bly cuando, ofendida por un artículo sexista del *Pittsburgh Dispatch*, envió una protesta tan bien redactada que el director la contrató con ese pseudónimo, extraído de una popular canción. Lo conservó cuando comenzó a trabajar en *The New York World*, de Joseph Pulitzer, para quien escribió un artículo sobre las horrorosas condiciones de un psiquiátrico para mujeres en Blackwell's Island, en el que ingresó como paciente. Fue el primero de sus reportajes como infiltrada, género del que fue pionera. Ya era célebre cuando, en 1889, *The World* la envió a dar la vuelta al mundo con el reto de mejorar la marca de Phileas Fogg: no solo la rebajó a setenta y dos días, sino que incluyó una visita a los Verne en Amiens. Su regreso fue apoteósico, aunque pronto cayó en el olvido. En 1895 contrajo matrimonio con el millonario Robert Seaman. A la muerte de este, pasó a gestionar sus empresas, pero las llevó rápidamente a la bancarrota. Acuciada por la necesidad, volvió al periodismo y conoció una segunda época dorada, durante la cual cubrió la Primera Guerra Mundial y luchó por los derechos de las mujeres.





## ORSON WELLES

---

KENOSHA, EE. UU., 1915 - HOLLYWOOD, EE. UU., 1985

En 1938, un novo Orson Welles causou conmoción coa súa adaptación radiofónica do clásico de H. G. Wells *A guerra dos mundos*. Moitos oíntes creron que se trataba dunha retransmisión real e que Nova Jersey estaba sendo atacada por extraterrestres. Grazas ao éxito da obra puido iniciar a súa brillante carreira como director cinematográfico co filme *Ciudadano Kane*. En 1946, tras a rodaxe dunha película de encargo, Welles quixo producir un musical baseado na novela favorita da súa infancia, *A volta ao mundo en oitenta días*. Tratábase dunha produción extravagante cun reparto de setenta actores e música de Cole Porter. As escenas máis espectaculares incluían unha aguia xigante, números de circo, un elefante mecánico, un tren, filmacións orixinais e trinta e oito decorados inspirados nas películas de Georges Méliès. Welles gastou todos os seus aforros e recorreu a varios investidores, entre eles Harry Cohn, presidente de Columbia Pictures, quen obtivo a cambio a promesa de Welles de realizar unha película para el sen custo ningún. Broadway soamente ofreceu setenta e cinco representacións do ruinoso musical. Orson Welles compensou a Columbia rodando *A dama de Shanghai*.

---

KENOSHA, EE. UU., 1915 - HOLLYWOOD, EE. UU., 1985

En 1938, un joven Orson Welles causó conmoción con su adaptación radiofónica del clásico de H. G. Wells *La guerra de los mundos*. Muchos oyentes creyeron que se trataba de una retransmisión real y que Nueva Jersey estaba siendo atacada por extraterrestres. Gracias al éxito de la obra pudo iniciar su brillante carrera como director cinematográfico con la película *Ciudadano Kane*. En 1946, tras el rodaje de una película de encargo, Welles quiso producir un musical basado en la novela favorita de su infancia, *La vuelta al mundo en ochenta días*. Se trataba de una producción extravagante con un reparto de setenta actores y música de Cole Porter. Las escenas más espectaculares incluían un águila gigante, números de circo, un elefante mecánico, un tren, filmaciones originales y treinta y ocho decorados inspirados en las películas de Georges Méliès. Welles gastó todos sus ahorros y recurrió a varios inversores, entre ellos, Harry Cohn, presidente de Columbia Pictures, quien obtuvo a cambio la promesa de Welles de realizar una película para él sin coste alguno. Broadway solamente ofreció setenta y cinco representaciones del ruinoso musical. Orson Welles compensó a Columbia rodando *La dama de Shanghai*.